




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ



MOCIÓN SOBRE REHABILITACIÓN DE VIVENDA NO CONCELLO DE ALLARIZ

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Exposición de motivos:

A experiencia acumulada no pasado recente na recuperación do noso patrimonio arquitectónico motivou a concesión, alá polo ano 1994, do Premio Europeo de Urbanismo polo proxecto de Recuperación Integral do Conxunto Histórico Artístico de Allariz e o seu fermoso río.

Desenvoltos os traballos de recuperación, restauración, conservación, rehabilitación e reconstrución do casco histórico, púxose de manifesto a mellora do escenario urbano e aflorou tamén un novo recurso económico que mellorou as condicións de vida dos moradores.

Nos tempo nos que andamos é preciso dar un paso máis e trasladar esta atinada experiencia a moitos dos núcleos de poboación do noso rural, en aras de evitar o seu esmorecemento. Temos que ser capaces ou polo menos poñer os medios para unha profunda revitalización das nosas parroquias do rural, preservando as súas edificacións máis senlleiras e promovendo a rehabilitación e recuperación das vivendas para asentar poboación nas distintas localidades do termo municipal.

O Plan Estratéxico Allariz 2020, recolle con meridiana claridade que un dos obxectivos é potenciar e fomentar a rehabilitación de vivendas nos pobos do Concello. E unha das conclusións das mesas territoriais por parroquias foi a de *“impulsar unha política de rehabilitación de vivendas, especialmente das vivendas abandonadas”*.

Non se pode vivir do pasado nin deixar as propostas atinadas en papel mollado. Cómpre vontade política para concienciar e promover a rehabilitación dos nosos núcleos de poboación do



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

rural, garantindo na medida das posibilidades, a mesmas condicións, a mesma calidade de vida que na capitalidade do municipio. Ese ten que ser o obxectivo dos vindeiros anos.

Para elo pódese empezar por acollerse as escasas axudas e subvencións que a Administración autonómica está promulgando, pois semella que despois de moitos anos se deron conta que a vivenda é un dereito fundamental e que a rehabilitación ten moito futuro.

Así a Xunta de Galicia nestes intres ten publicadas as seguintes axudas e subvencións:

- Axuda do Plan Renove de Fiestras. Prazo remata → 29/09/2017.
- Axudas para a renovación de cubertas e fachadas con lousa. Prazo remata → 06/10/2017.
- Axudas para a rehabilitación con granito de fachadas. Prazo remata → 06/10/2017.
- Axudas para a renovación de cubertas con tella cerámica. Prazo remata → 06/10/2017.
- Axudas financeiras do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas. Prazo remata → 02/11/2017.
- Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de 50.000 habitantes. Prazo remata → 31/10/2017.
- Subvencións do programa de infravivenda do Plan rehaVita: plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. Prazo remata → 31/10/2017.
- Subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal. Prazo remata → 31/10/2017.

Outro dos privilexios cos que conta o noso termo municipal é formar parte da Ruta da Prata do Camiño de Santiago. Así as parroquias que se vén beneficiadas por esta circunstancia, e por estar situadas no ámbito da ARI (Area de Rehabilitación Integral), dado que o camiño transcorre polas súas rúas son as seguintes: Santiago – Santo Estevo - Santa Mariña de Augas Santas – Santiago de Coedo – Santiago de Folgoso – Santa Mariña de Meire – San Breixo dos Espiñeiros – San Miguel de Torneiros.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

En relación con este programa publicáronse dúas axudas, unha aínda en vigor e a outra xa ten rematado o prazo de solicitude:

- Subvencións a fondo perdido para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos Camiños de Santiago. Prazo rematou → 14/07/2017.
- Subvencións do programa de rexeneración e renovación urbanas no ámbito do ARI dos Camiños de Santiago. Prazo remata → 30/11/2017.

Tendo en conta necesidade urxente de rehabilitar vivenda nas parroquias do rural, como unha das medidas para fixar poboación nos núcleos que están agonizando, así como tamén aproveitar as oportunidades que brinda a recuperación do patrimonio arquitectónico como elemento de dinamización económica, e polo que someto a consideración do Pleno do Concello de Allariz os seguintes,

ACORDOS:

- 1. Iniciar unha campaña informativa e pedagóxica de concienciación dos veciños/as para a promoción da rehabilitación da vivenda nos diferentes núcleos de poboación do noso rural.**
- 2. Poñer a disposición da cidadanía toda a información sobre as distintas axudas e subvencións para a rehabilitación de vivendas, así como prestar toda a colaboración precisa para esta finalidade dende a Oficina Municipal de Rehabilitación do Concello de Allariz.**

En Allariz a 18 de Xullo de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-